

Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia

EXPOSICIÓN

UNIDADE DIDÁCTICA

Fundación
Isla Couto



A edición desta unidade didáctica contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Cultura e do Concello de Poio.

Textos

XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS

Documentalismo

INHAQUI SOLLA COVELO

Coordinación

HAYAT HUSEIN

XOSÉ M. SOUTULLO

Deseño

DAVID DE LA IGLESIA

Fotografías e fondos documentais

FUNDACIÓN ISLA COUTO

XURXO LOBATO

ATLÁNTICO DIARIO

Depósito legal: PO 191-2017

XAIME
ISLA

RAÍZ E UTOPIA
DE GALICIA

Académico, economista, profesor, soñador dunha Galicia nova nunha humanidade mellor, sementador de bibliotecas e conversas, emprendedor cultural infatigable... Esta exposición desvela o compromiso vital e a imaxinación creativa do gran proxectista da Xeración Galaxia no centenario do seu nacemento.

Fotografía: Xurxo Lobato

Unha vida de doazóns



Nado en Santiago de Compostela o 23 de outubro de 1915, trasladouse a vivir a Vigo en 1923, residencia que alternou coa aldea mariñeira de Raxó (Poio) até o seu falecemento, o 25 de abril de 2012. No ano 1947 casou con Cristina Nóvoa Pedreira en Raxó, onde tiveron fogar na praia de Sinás nunha antiga chabola de mariñeiros bautizada como "Illa Nova".

Iniciouse no galeguismo político e cultural pola man do seu irmán Ramiro, pioneiro do nacionalismo na emigración galega na Arxentina. Alumno do colexio dos Salesianos e da primeira promoción do Instituto de Vigo, onde proclamaría anticipadamente a República o 14 de abril de 1931.

Entre 1933 e 1936 estudou Maxisterio en Pontevedra, sendo inhabilitado tras a Guerra Civil pola súa afiliación galeguista. Simultaneou estes estudos cos de Dereito en Santiago de Compostela, que remata en 1940 tras participar na guerra como oficial de artillería. No verán de 1945 foi nomeado secretario técnico do Partido Galeguista reconstituído na clandestinidade. Xunto a Ramón Piñeiro e Francisco

Fernández del Riego ideou a fundación da Editorial Galaxia, en 1950, dentro da estratexia de resistencia político-cultural do galeguismo á ditadura franquista.

Profesionalmente combinou a docencia universitaria co exercicio da avogacía. Foi catedrático de Dereito e Economía da Empresa na Escola de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, traballando como asesor xurídico da Caixa de Aforros de Vigo, do grupo Zeltia, Corporación Noroeste e outras empresas e gremios económicos, como o conserveiro e madeireiro.

A paixón pola lectura, a conversa, o debuxo —especialmente o retrato e a caricatura—, o teatro e a música marcaron as súas afeccións persoais.

En 1987, xunto coa súa dona e os seus irmáns Celso e Manuel, crea a Fundación Isla Couto en memoria do seu irmán Ramiro, co obxectivo de "repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia" como unha sociedade e cultura abertas ao mundo desde a nosa identidade diferenciada como pobo.

A devota paixón por Galicia



Membro da Real Academia Galega (1999) e Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo (1999).

Militante do Partido Galeguista durante a II República. Secretario xeral da Mocidade Galeguista de Vigo (1933), secretario de organización da Federación de Mocidades Galeguistas (1934) e fundador da Unión Galega de Estudiantes (1936). Organizou os agrupamentos xuvenís Ultreya, en Vigo (1932), e colaborou co Seminario de Estudos Galegos como alumno bolseiro nas xeiras de investigación de 1935 no Deza e de xullo de 1936 en Fisterra.

Conselleiro delegado da Editorial Galaxia (1950-1996) e presidente do seu consello de administración (1996-2012). Fundador e padroeiro da Fundación Penzol.

Fundador e director da pioneira *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968), dirixiu tamén a *Revista Galega de Estudos Agrarios* (1979).

Presidente do primeiro Partido Popular Galego (1976) e candidato ao Congreso dos Deputados nas eleccións xerais de 1977.

Fundador e presidente da editora católica SEPT (1966), responsable da introdución da liturxia en galego e da tradución da Biblia para o galego.

Presidente da Comunidade de Vida Cristiá Nosa Señora da Guía--Santiago Apóstolo de Vigo e da Comisión Diocesana de Xustiza e Paz de Tui-Vigo.

Presidente da Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), da Fundación Fernández Flórez e do Instituto Galego de Estudos Comunitarios (IGESCO).



Debuxo de Xaime Isla
A trepia de Galaxia



Recoñecementos e distincións



Insignia de Ouro do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo (1986); Memorial Xoán XXIII (1986); Medalla Castelao (1987); Premio Trasalba (1992); Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela (2001); Trofeo Galeguidade no Mundo (2001), Premio Laxeiro (2006); Premio Galiza Mártir (2010); Economista de honra do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra (1993); Socio de honra da Asociación de Amigos da Cultura (1974), do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (2000) e da Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó (1994); Conselleiro honorífico da Asociación Álvaro de las Casas (2003).

No ano 1992 celebrouse no Concello de Poio a primeira edición do concurso literario Xaime Isla Couto de poesía e relato curto co gallo da Semana das Letras Galegas, e en agosto de 2010 foi inaugurado en Raxó o centro cultural Xaime Illa Couto.

1

Unha sinatura de estrelas

Xaime Isla asinaba co seu nome rematado nunha estrela, como podes ver no exemplo.



ACTIVIDADE

Asina co teu nome rematado no símbolo que máis che guste.



Illas Novas

2

Xaime Isla tamén era coñecido como Xaime ILLA. Moitas veces enredaba cos amigos e amigas substituíndo o seu nome e apelidos por un debuxo dunhas illas co ceo cheo de estrelas. Debuxaba estrelas porque o seu nome Xaime equivale ao de Santiago ou Iago. E a Santiago de Compostela –cidade na que naceu Xaime e onde seica está o sepulcro do Apóstolo Santiago- chégase seguindo a Vía Láctea, o camiño das estrelas.




ACTIVIDADE

Pregunta ou investiga o significado do teu nome e apelidos e substitúeos por un debuxo.



3


Os amigos que son como irmáns



Os galeguistas tratábanse uns aos outros como irmáns porque eran amigos. Xaime Isla tivo dous grandes amigos no galeguismo: Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Foron amigos toda a vida! Neste debuxo, Xaime imaxinou se cos seus vellos amigos como se fosen unha hidra –unha serpe de tres cabezas. E en cada cabeza o retrato dos tres amigos. De esquerda á dereita: Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro e Xaime Isla.

ACTIVIDADE

Debúxate a ti mesmo ou mesma e ás túas dúas mellores amigas ou amigos ocupando o lugar dos amigos e de Xaime.



4

O arco da vella



Xaime deseñou en 1950 o logotipo (as letras da parte inferior) e símbolo (o debuxo da parte superior) de Galaxia en branco e negro. Como símbolo debuxou un libro nacendo da terra e no ceo un camiño de estrelas, que son as que nos unen con Europa e co mundo a través do Camiño de Santiago. Pero Xaime deseñou o logotipo en branco e negro.



ACTIVIDADE

Serías capaz de darlle cor ao símbolo e logotipo de Galaxia? Escolle as cores que máis che gusten e deixa voar a imaxinación!


5

A viaxe no tempo




A Editorial SEPT, fundada por Xaime Isla, publicou en 1989 a primeira tradución para o galego da Biblia desde as linguas orixinais. Un equipo de máis de vinte tradutores comezara en 1974 a tradución. Bota as contas. Foron 25 anos traballando para que poidamos ler en galego esta obra tan importante da cultura universal.

1974



1989



ACTIVIDADE


Serías capaz de avanzar 25 anos a través deste labirinto. Toma a saída en 1974 e chega deica 1989! Boa viaxe!

6

Pasapalabra

- A.** Comeza polo a: País de América onde emigrou o seu irmán Ramiro
- B.** Comeza polo be: Libro traducido para o galego por vez primeira en 1989.
- C.** Comeza polo ce: Nome da muller de Xaime.
- D.** Comeza polo de: Carreira que estuda Xaime tras a Guerra Civil.
- E.** Comeza polo e: Especialidade ou disciplina na cal destacou Xaime.
- F.** Comeza polo efe: Nome do pai de Xaime.
- G.** Comeza polo gue: Movemento social, cultural e político ao que pertenceu Xaime e que reivindica a identidade galega.
- H.** Comeza polo hache: Animal mítico de tres cabezas no que Xaime debuxa aos seus amigos Ramón e Francisco.
- I.** Comeza polo i: Os galeguistas tratábanse uns aos outros como...
- L.** Contén o ele: Nome da Editorial que funda Xaime en 1950 xunto aos irmáns e irmás galeguistas.
- M.** Comeza polo eme: Nome das xuventudes do Partido Galeguista das que Xaime foi dirixente cando era un mozo e que tiñan por símbolo unha estrela verde.
- N.** Comeza polo ene: Completa o nome da colección literaria apadriña por Xaime e Cristina en Galaxia: Illa...
- Ñ.** Contén o eñe: Apelido do seu gran amigo Ramón...
- O.** Contén o o: Título do único libro de Xaime.
- P.** Comeza polo pe: Nome da cidade onde Xaime estudo para mestre.
- Q.** Contén o que: Xaime sempre foi partidario do traballo en ...
- R.** Comeza polo erre: Xaime proclamouna o 14 de abril de 1931 no Instituto de Vigo.
- S.** Contén o ese: Nome que recibe a misa á saída da cal detiveron a Xaime en 1969 e que está dedicada á lembranza da principal poetisa galega.
- T.** Comeza polo te: Período político en Galicia e España no que Xaime se presenta como candidato a deputado nas eleccións ao Congreso dos Deputados de 1977.
- U.** Comeza polo u: Grupo xuvenil no que participou Xaime na súa mocidade e que tiña por símbolo un tríscele vermello.
- V.** Comeza polo uve: Título da canción que foi un himno de protesta contra a ditadura do Xeneral Franco.
- X.** Contén o xe: Aldea mariñeira do Concello de Poio onde tiñan unha casa Xaime e Cristina na praia de Sinás.
- Z.** Contén o z: Nome da Fundación que leva o apelido do seu creador, Fermín, e no que colaboraron Xaime e o seu irmán Ramiro, como padroeiros e secretarios.

E velaquí a proba máis difícil!
Serás capaz de completar a
rosca deste pasalabra sobre
Xaime Isla? Pide axuda ás
amigas e amigos usando
até tres veces o comodín da
amizade!



Centenario de Xaime Isla Couto Raíz e utopía de Galicia

Santiago de Compostela, 1915 - Vigo, 2012

Exposición promovida
pola Fundación Isla Couto

COMISARIADO

Xosé L. Pastoriza Rozas

COORDINACIÓN

Hayat Husein Arteaga

Xosé M. Soutullo

DESEÑO

David de la Iglesia

DOCUMENTACIÓN

Inhaqui Solla Covelo

FOTOGRAFÍAS

Xurxo Lobato, Paco Vila Barros, Atlántico Diario,
Universidade de Vigo

AGRADECIMENTOS

Familia de Xaime Isla Couto e Cristina Nóvoa Pedreira // Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia // Concellería de Cultura e Festexos. Concello de Poio // Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó // Enrique Méndez // Moncho Buezas // Xesús Domínguez Dono // Alba Pernas // Francisco Domínguez

FONDOS

Fundación Isla Couto

Arquivo e Biblioteca Fernández del Riego

Fundación Penzol

Familia Isla Couto-Nóvoa Pedreira

Editorial Galaxia

PRODUCCIÓN E MONTAXE

Editorial Galaxia

AUDIOVISUAL

Noel Queipo

IMPRESIÓN

Menos é máis. Solucións en deseño gráfico

Depósito Legal: PO 191-2017

Centro Cultural Xaime Illa Couto
Rúa da Igrexa, 21, Raxó - Poio

Desde o 2 de maio de 2017

Luns a venres: de 16.30 a 21.30 h.



UNIDADE DIDÁCTICA

Fundación
Isla Couto

